

PLAN DIXITAL

IES García-Barbón

[Versión 1.0_ xuño 2022]



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES García-Barbón é un centro de educación secundaria, con dirección postal na rúa Antonio Fernández Pérez s/n, 32600 (Verín). O correo electrónico do centro é ies.garcia.barbon@edu.xunta.es e a páxina web é: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesgarciabarbon/>

Actualmente no centro se imparte Educación Secundaria de Adultos, Bacharelato, ciclos Formativos (2 ciclos de grao profesional básico, 5 ciclos de grao medio e 1 ciclo de grao superior), ademais tamén o centro é sección delegada da EOI de Ourense, e conta coa Aula Mentor.

Actualmente o centro conta con 264 persoas matriculadas e con 44 profesoras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O noso instituto está no concello de Verín. A vila está situada no cuadrante sudoriental da provincia de Ourense, lindando polo sur coa fronteira portuguesa. Ten unha superficie de 93,9 quilómetros cadrados e unha poboación de 14.107 habitantes.

Localizada no corazón da fértil comarca do Val de Monterrei, apareceu ó pé dunha importante fortaleza medieval, e constitúe un dos principais e máis prósperos núcleos urbanos da provincia de Ourense.

É ademais, paso obrigado cara a Portugal e Castela e tradicional lugar de veraneo pola calidade das súas augas medicinais de Fontenova, Cabreiroá e Sosas. Situado na depresión de Verín, o relevodeste municipio mostra dous sectores diferentes: un formado polo val do río Támega e o outro polos relevos montañosos que o circundan ao oeste, onde a altitude chega aos 940 metros no Alto de Valdeagua. Tamén atravesa o municipio unha falla denominada Creba da Corga, pola que flúen moitos mananciais de augas minerais.

Unha das primeiras conclusións que se extrae da evolución económica da Comarca de Verín nos últimos anos, é a importante perda de peso que sofre o sector primario e a elevada taxa de paro superior ó 25%. A poboación ocupada no campo descendeu de xeito importante. Produciuse en cambio, un pequeno aumento da poboación ocupada no sector terciario. A situación de Verín como capital dunha extensa Comarca tradúcese nunha centralización dos servizos no seu casco urbano.

Na actualidade, no sector agrario, é moi importante a produción de horta, sobre todo ó aire libre. A calidade que se pode producir é moi alta e os custos mínimos. Ademais coa autovía A-52, Verín pode chegar a mercados tan importantes como o de Madrid, Vigo, etc., para servir produtos frescos da horta. En torno a este sector créanse dúas cooperativas que están conseguindo entrar en mercados importantes, grandes superficies...

A castaña, xunto co complemento das setas (pola coincidencia estacional), é outro recurso importante para a Comarca. Pódese dicir que esta zona é das maiores produtoras de Galicia e a que mellor calidade ofrece. Na actualidade existen empresas dedicadas á transformación da castaña mediante a elaboración dos famosos doces Marrón Glaçé.

A construción é un factor importante na economía verinense, sobre todo polo alto grao de xeración de emprego, aínda que este sector está a sufrir un parón debido a crise económica. Tamén teñen un gran peso, na economía local, o sector vitivinícola, baixo a Denominación de Orixe Monterrei, e o relacionado cos mananciais de augas termais.

Os servizos públicos dos que dispón o concello de Verín son os seguintes:

Os servizos Educativos inclúen:

- Dous Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria.
- Tres Institutos de Educación Secundaria.
- Un centro de Ensino Secundario privado.
- Un centro de Ensino Concertado (Educación Infantil, Primaria e Secundaria)
- Conservatorio de Música (Grao Elemental).
- Biblioteca Pública.
- Casa da Cultura.
- Escola de Artes e Oficios, patrocinada polo Concello.
- Sección da E.O.I, situada no noso Centro, que oferta inglés.

Os servizos sociais están compostos por:

- Residencia da Terceira Idade.
- Servizos Sociais da Mancomunidade de Municipios do Val de Monterrei.
- Oficina Municipal de Información ó Consumidor.
- Punto de Información Xuvenil (PIX).

A oferta cultural é outro dos elementos esenciais da vida social da comarca. Verín conta cun abano amplo de ofertas deportivas, entre as que destacan as actividades promovidas polo Pavillón Municipal de Deportes, a Piscina Climatizada, as Piscinas Municipais ó aire libre e as Escolas Deportivas Municipais.

Outros servizos a destacar son: Xulgados de Primeira Instancia, Centro de Saúde, Hospital de Verín, Oficina do INEM, Delegación de Facenda e a Delegación de Seguridade Social.

No estudo realizado da procedencia dos alumnos do instituto compróbase que aproximadamente a metade procede de Verín, e o resto das zonas rurais dos arredores.

Os fogares dos que proveñen os nosos alumnos caracterízanse pola escasa formación académica das familias. Tan só un 3% dispón de estudos universitarios no caso dos pais, e un 2% no caso das nais. Resulta representativo o importante número de alumnado que declina a opción de contestar á pregunta sobre a formación académica das súas familias. A maioría do alumnado provén de fogares cun nivel de estudos medio-baixo. O nivel formación inflúe directamente na ocupación e no tipo de profesións desempeñadas polos proxenitores do noso alumnado.

Pódese constatar un porcentaxe de paro superior, case en dez puntos, á media nacional no caso dos pais; case o 50% das nais non traballa.

En canto a profesión dos pais dos alumnos ponse de manifesto que a maior ocupación é a de traballador por conta allea, seguida de pequenos autónomos (comerciantes, transportistas, panadeiros, etc). Tamén se constata, no caso das nais, que a ocupación maioritaria é ama de casa.

Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo de Centro

O Plan Dixital incorporará ao PEC a análise realizada durante o curso 2021-2022 tanto no profesorado como no alumnado, e o DAFO realizado xusto nese momento. Que servirá de base para establecer a educación dixital como unha ferramenta máis no día a día da educación. Estes datos serán a base para analizar a evolución en futuras versións do Plan Dixital, e o análise do desenvolvemento do mesmo ao longo do tempo e a súa implementación dentro do centro educativo.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23

A principal contribución do Plan Dixital á PXA é que todas os obxectivos e accións planteadas dentro do Plan terán lugar dentro do curso 2022-2023. Todas estas accións que se levarán a cabo durante o curso, serán recollidas na Programación Xeral Anual, para o seu correcto desenvolvemento.

Será importante poder analizar na Memoria Anual ao final do curso se se alcanzaron os obxectivos propostos e as propostas de mellora cara os seguinte cursos académicos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa de aplicación para a elaboración do Plan Dixital é a seguinte:

- **LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**

Artigo 111. Denominación dos centros públicos.

1. Os centros públicos que ofrecen educación infantil denominaranse escolas infantís, os que ofrecen educación primaria, colexios de educación primaria, os que ofrecen educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, institutos de educación secundaria.

Artigo 121. Proxecto educativo.

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

2. Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos cales se consignan as actividades que pais, profesores e alumnos se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

Artigo 132. Competencias do director.

Son competencias do director:

c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.

g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co ámbito, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.

- **Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022**

Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- **Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022**

Disposición adicional terceira. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital creouse un seminario no curso 2021/2022 que traballou nunha das liñas do PFPP do IES García Barbón, centrado na liña de traballo “*Plan dixital de centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital*”. No seminario participaron 11 persoas e tivo unha duración de 30 horas. Todas as persoas do seminario formaron parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

A través das xuntanzas e co apoio do coordinador ADIX da zona do Barco, Antonio Iglesias, elaboráronse os test SELFIE e CDD. Posteriormente o seminario realizou o DAFO cos datos cos que se contaban e elaborou as propostas do Plan de Acción. Finalmente redactouse o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

Todas as aulas do centro, os departamentos e os despachos contan con ordenadores con conexións cableadas. Ademais tanto en conxersería, administración, os despachos e no espazo de atención ás familias cóntase con teléfonos que permiten a realización de chamadas.

Neste curso aumentouse os puntos de conexión sen fíos que forman parte da rede wifi edu.xunta.es contando con conexión en todos os espazos do centro incluídos os talleres de automoción e mantemento.

Equipamento dispoñible

O centro conta con equipamento informático en todos os despachos de administración (despachos de dirección, xefatura de estudos de diurno, secretaría, vicedirección, xefatura de estudos de nocturno e administración). Tamén hai equipamento informático con 5 ordenadores na sala do profesorado e en cada un dos departamentos do centro. Todos os ordenadores da sala do profesorado e dos despachos teñen acceso a dúas máquinas impresoras e fotocopiadoras.

No centro existe unha aula de informática con 30 equipos fixos con conexión a internet. A biblioteca conta con 2 equipos informáticos para consulta, e outro ordenador que permite realizar os préstamos dos libros.

Esiten 6 aulas dos ciclos de administrativo (2 de ciclo básico, 2 de ciclo medio e 2 de ciclo superior). En cada unha das aulas cóntase con un ordenador para cada alumno e tamén unha impresora con conexión dende todos os ordenadores. Tamén se conta con ordenadores nunha aula dos ciclos de mantemento electromecánico.

Ademais o centro conta con 12 equipos portátiles, dende o COVID, para prestar ao alumnado que non conta con el para poder desenvolver as tarefas e poder acceder aos contidos da aula virtual.

Servizos dixitais educativos

Os servizos dixitais cos que conta o centro é a **páxina web** que serve para aportar información a familias, profesorado, alumnado e empresas da contorna; ademais a páxina web conta cun recorrido virtual por todas as estancias do centro. A **aula virtual** é a ferramenta empregada para o traballo diario do alumnado e tamén se emprega como vía de comunicación co alumnado a través das ferramentas de mensaxes. Empregase o **espazoAbalar**, para a comunicación coas familias e para a solicitude de información do alumnado por parte dos titores ao profesorado, ademais do envío das calificacións.

Outras das ferramentas dixitais que se empregan para difundir as actividades do centro son as redes sociais (**Facebook** e **Instagram**), xunto coa publicación dos vídeos do centro a través da conta de **Youtube**.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

Para o mantemento do equipo do centro, o instituto ten contratado un profesional informático que colabora no mantemento de todo o equipamento os mércores polas tardes. Para problemas puntuais o coordinador dixital do centro intenta soluciónalos.

Ante problemas de conectividade tanto por cable como de maneira inalámbrica, solicítase colaboración a UAC ou co Centro de Xestión de Redes.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.3	3.3	3.1	
	Profesorado		3.4	3.4	3.5	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.1	3.1	3.1	
	Profesorado		2.7	3.4	3.3	
	Alumnado		3.4	3.2	3.1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.8	3.8	3.8	
	Profesorado		3.5	3.7	3.7	
	Alumnado		3.5	3.5	3.4	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4.5	4.5	4.5	
	Profesorado		4.1	4.6	3.7	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3.8	3.8	3.8	
	Profesorado		4.1	4.4	4	
	Alumnado		4.2	4.4	3.9	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.5	3.5	3.6	
	Profesorado		3.3	4.1	3.8	
	Alumnado		3.7	3.4	3.5	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.3	3.4	3.3	
	Profesorado		2.6	3.5	3.6	
	Alumnado		3.3	3.1	3.1	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.4	3.4	3.4	
	Profesorado		3	3.7	3.5	
	Alumnado		3.6	3.3	3.2	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	15	60%
PROVISIONAL	10	18	55,6%
INTERINO	6	8	75%
SUBSTITUTO	3	6	50%

DESPRAZADO			
-------------------	--	--	--

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	101,6	Experto/a (B2)	75,9	Integrador/a (B1)
BAC	100,9	Experto/a (B2)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P.	71,6	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	12	42,9%
B1	9	32,1%
B2	4	14,3%
C1	3	10,7%
C2		
TOTAL	28	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> Ter 8 aulas completamente dotadas de ordenadores, impresora, conexión internet para cada unha das alumnas ou alumnos da aula. Contar con ordenador e proxector para o profesorado en todas as aulas. Contar con wifi en todo o centro, a través da rede edu.xunta.gal Páxina web con recursos educativos e persoal encargado da súa actualización O centro ten creadas contas en distintas redes sociais nas que se publica información relacionadas co centro e coas actividades que se realizan nel. 	<ul style="list-style-type: none"> Non contar con pizarra dixital en todas as aulas (unicamente en 3 delas) Disposición de mobiliario e dos equipos informáticos de maneira física e estática non permiten a flexibilidade na organización da aula. Non existen suficientes dispositivos para que o alumnado que non ten dispositivos poida levar os dispositivos do centro á casa. Falta de adaptación dos dispositivos a alumnado con necesidades educativas especiais.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> Persoal capacitado para adaptarse rapidamente aos cambios tecnolóxicos. Persoal fixo con capacidade para dar soporte informático básico. Persoal docente disposto a apoiar ao profesorado no uso dos recursos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> Non contar cos mesmos dispositivos coas mesmas características no alumnado e no profesorado. Non contar con dispositivos para os docentes, para a realización de trámites laborais e formativos. Non se realiza un estudo ou avaliación inicial

		<p>dos coñecementos e / ou habilidades que ten o alumnado sobre as novas tecnoloxías e o seu uso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se realiza un estudo dos coñecementos do persoal docente sobre o uso das novas tecnoloxías, o que axudaría a realización de formacións sobre o tema. • Máis da metade do profesorado non é definitivo no centro. • Profesorado con pouca iniciativa para aprendizaxe relacionada coa seguridade na rede, o uso das tecnoloxías e a propiedade de autoría.
PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> • O persoal administrativo conta coa formación adecuada para a realización das tarefas a través das plataformas da consellería. • O persoal non docente ten capacidade de adaptación coas novas tecnoloxía.. 	<ul style="list-style-type: none"> • Non contar con dispositivos para o persoal non docente, para a realización de trámites laborais e formativos. • Relación escasa co resto do persoal.
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con capacidade para unha aprendizaxe casi 100% con base tecnolóxica • Todo o alumnado do centro está dado de alta na aula virtual do centro, na que teñen contacto co profesorado e material complementario. • Manexo da ferramenta ABALAR para faltas, notas de avaliación, solicitude de titorías, ... • Interese no desenvolvemento de actividades a través de ferramentas dixitais (p.ex. Kahoot) 	<ul style="list-style-type: none"> • Non contar cos mesmos dispositivos coas mesmas características que o profesorado. • Non contar con docentes de informática que poidan levar a cabo procesos de aprendizaxes relacionados coa codificación ou programación. • Non se realiza un estudo ou avaliación inicial dos coñecementos e / ou habilidades que ten o alumnado sobre as novas tecnoloxías e o seu uso. • Acceso ilimitado a rede, sin ningún tipo de filtro establecido. • O alumnado non conta con formación adecuada no uso responsable das novas tecnoloxías dixitais. • O alumnado non conta con formación adecuada no uso seguro, nin na xestión do tempo que empregan no seu uso.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de diferentes plataformas dixitais para lograr unha boa organización comunicativa entre o profesorado, o alumnado e as familias (Abalar co espazo de titorías, uso do servizo de mesaxería da aula virtual, email da Xunta, etc). 	<ul style="list-style-type: none"> • Non todas as familias teñen os medios necesarios para contar con dispositivos que o alumnado poida empregar no centro.
OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> • Oferta de ferramentas para iniciarse no uso de recursos dixitais (aula virtual Moodle, plataforma de formación). 	<ul style="list-style-type: none"> • Descoñecemento da normativa relacionada co uso da rede e dos recursos dixitais • Escasa oferta de cursos relacionados coas novas formas de aprendizaxe e tecnoloxías emerxentes.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Existe predisposición para traballar nunha estratexia dixital por parte do profesorado e do equipo directivo. • Acceso e descarga da información relacionada coa formación, para a súa consulta en calquera momento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Necesitaríamos a participación na estratexia dixital de máis profesorado ou horas dispoñibles para a súa dedicación. • Falta de iniciativa ou pouca receptividade para a dixitalización.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> Existencia de dispositivos para a realización de ensinanza dixital Espazo para a ampliación de equipación informática Acceso a internet sin limitacións para usalo na realización de tarefas e consultas Ampliación do centro educativo para a adquisición de novos espazos físicos e un espazo concreto adicado en exclusividade as novas tecnoloxías dixitais (biblioteca dixital). Ter un repositorio de material educativo de FP tipo do repositorio ABALAR que existe en Primaria, ESO e Bacharelato. 	<ul style="list-style-type: none"> Non contar con un servizo técnico que solucione os problemas do centro de maneira inmediata. Problemas técnicos que deixan sen conexión e wifi nos equipos, durante un tempo indeterminado.
	LEXISLACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> Modificación continua sobre a Lei de Protección de Datos, e actualización a nivel dixital. Modificación continua sobre a Lei de Propiedade Intelectual.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> Unha porcentaxe elevada do alumnado ten acceso a dispositivos dixitais con acceso a internet 	<ul style="list-style-type: none"> Inexistencia dun plan específico para axudar aos profesores a afrontar os problemas que poidan xurdir durante o proceso de aprendizaxe mixto, relacionados coas necesidades dos alumnos e o seu contexto socioeconómico. Existen zonas nas que vive o alumnado ou familias que non teñen bo acceso a conexión a internet.
	ANPA		<ul style="list-style-type: none"> Non contamos con unha agrupación de nais ou pais, que poidan colaborar no Plan Dixital.
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> Temos unha variedade grande de empresas que colaboran co centro educativo, a través de prácticas de FCT, que poderían estar interesadas en participar. Crear proxectos de colaboración con outros centros. 	<ul style="list-style-type: none"> As empresas que colaboran non o fan desde o punto de vista da estratexia dixital.

3. Plan de Acción

Para a elaboración deste Plan de Acción para o curso 2022-2023 partiuse da realidade no curso 2021-2022. Esta realidade pode mudar no curso seguinte, xa que unha das principais eivas do centro é que unicamente o 32% do profesorado son definitivos no centro, unicamente 15 dos 47 profesores que conforman o claustro. Debido a isto existe moitas diferencias dun curso a outro nas dinámicas que se poden levar no propio centro.

Para a implementación do plan dixital será moi necesario traballar en dúas liñas por un lado na formación tanto no profesorado como no alumnado sobre as ferramentas e o equipamento dixital, e por outro lado contar con espazos que permitan a experimentación e a creación dunha cultura dixital no propio centro. Unha vez creada unha dinámica permitirá ir realizando algunhas dinámicas de asentamento da realidade dixital no propio centro educativo.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción, as persoas que forman parte do seminario formado para a elaboración do Plan Dixital, propuxeron diferentes obxectivos con indicadores. Nunha xuntanza posterior analizaronse, valoráronse e escolléronse os obxectivos que finalmente se incorporarían no propio Plan Dixital.

Finalmente os obxectivos priorizados foron os seguintes:

1. Formar o profesorado no manexo de ferramentas virtuais

Neste obxectivo o indicador sería o seguinte: "o 80% do profesorado acada polo menos un nivel B1 no nivel de competencia docente".

As accións que se realizarán para este obxectivo son: creación dun grupo de traballo, avaliación inicial dos coñecementos dixitais do profesorado, formación inicial sobre a aula virtual, ampliación no manexo da aula virtual.

2. Crear un espazo no que desenvolver metodoloxías virtuais, programación, novas tecnoloxías, ... para o alumnado e profesorado

Neste obxectivo os indicadores serían os seguintes: 1 Espazo creado con ese fin, 50% Profesorado que emprega o espazo, 50% Alumnado que emprega o espazo.

As accións que se realizarán para este obxectivo son: solicitar programa de "Polos creativos", adecuación de espazo no centro para implementar novas metodoloxías, emprego por profesorado e alumnado do centro o espazo creado.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para que se desenvolva de maneira satisfactoria o Plan Dixital é necesario que a infraestrutura de datos sexa máis estable e que non existan cortes que deixen incomunicado o centro durante varios días. Esta mellora é fundamental para poder desenvolver o traballo tanto por parte do profesorado, servizo administrativo do centro e alumnado.

Tamén sería importante da dotación de equipamento como son as pizarras dixitais en todas as aulas, completando a dotación existente, isto melloraría no emprego das ferramentas dixitais por parte do profesorado na aula e a posibilidade de compartir o traballado a través da aula virtual do centro.

Ademáis da incorporación de equipos ultraportátiles que o profesorado poida desplazar as diferentes aulas nas que traballa; podendo ter configurado os ordenadores de maneira semellante aos ordenadores que ten o alumnado na aula.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 1:	Formar o profesorado no manexo de ferramentas virtuais					Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable da liña de formación de PFPP					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nivel do test CDD						
Valor de partida	57% do profesorado ten un nivel igual ou superior a B1						
Valor previsto e data	80% do profesorado acada polo menos un nivel B1				Marzo 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo	Responsable da liña de formación de PFPP	Outubro 2022	Convocatoria dos PFPP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Avaliación inicial dos coñecementos dixitais do profesorado	Responsable da liña de formación de PFPP	Outubro 2022	Cuestionario enviado a todo o profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Formación inicial sobre a aula virtual	Responsable da liña de formación de PFPP	Novembro 2022	Xornada presencial (aula, proxector, ...)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Formación sobre manexo de ferramentas virtuais	Responsable da liña de formación de PFPP	Xaneiro 2023	Xornada presencial (aula, proxector, ...)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



AO1.5: Ampliación no manexo da aula virtual	Responsable da liña de formación de PFPP	Marzo 2023	Xornada presencial (aula, proxector, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 2:	Crear un espazo no que desenvolver metodoloxías virtuais, programación, novas tecnoloxías, ... para o alumnado e profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Espazo Profesorado que emprega o espazo Alumnado que emprega o espazo					
Valor de partida	0 Espazo 0% Profesorado que emprega o espazo 0% Alumnado que emprega o espazo					
Valor previsto e data	1 Espazo 50% Profesorado que emprega o espazo 50% Alumnado que emprega o espazo			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Solicitar programa de "Polos creativos"	Dirección do centro	Xuño 2022	Convocatoria "Polos creativos"		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Adecuación de espazo no centro para implementar novas metodoloxías.	Dirección do centro	Decembro 2022	Aprobación da solicitude de polos creativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Emprego por profesorado e alumnado do centro o espazo creado.	Dirección do centro	Abril 2023	Profesorado formado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



4. Avaliación do plan

A avaliación do Plan Dixital durante o curso 2022-2023, realizarease mediante unha **avaliación procesual** con frecuencia bimestral, na que se analizará o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións de accións ou propostas de mellora. Na **avaliación final**, que se levará a cabo ao finalizar o curso 2022-2023, analizaranse o logro dos obxectivos e as propostas de mellora de cara a actualización do Plan Dixital.

Este proceso de avaliación do Plan será realizada polo grupo de traballo encargado da dinamización do Plan Dixital durante o curso 2022-2023.

5. Difusión do plan

A estratexia de difusión do plan empregará varias liñas. Por un lado unha vez aprobado, colgarase na páxina web do centro, xunto co resto de documentos organizativos do mesmo. Tamén se lle dará difusión a través da aula virtual para poder chegar a todo o alumnado e a través de Abalar para poder chegar a todas as familias.

Esta difusión permitirá ser un primeiro paso no establecemento de liñas de comunicación con toda a comunidade educativa relacionadas coa estratexia dixital, que permitan seguir traballando de cara a novas versións do Plan Dixital.